



## ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en data 16 de febreiro de 2017, acordou aprobar as seguintes Bases do "I Certame Artístico "Salvaterra Milenaria":

### BASES DO

### I CERTAME ARTÍSTICO "SALVATERRA MILENARIA".

1. O obxectivo deste certame é que @s alumn@s dos Centros de Ensino do Concello de Salvaterra de Miño nos ofrezan a súa visión do pasado da nosa vila, ao tempo que se fomenta a súa imaxinación e creatividade, así como a participación nas actividades culturais do Concello.
2. Para elo estableceranse diferentes categorías, atendendo tanto a disciplina utilizada como a idade d@s participantes.

<u>Debuxo</u>	<u>Manualidade</u>	<u>Relato</u>
Preescolar	-	-
-	Primaria	-
-	Secundaria	-
-	-	Bachillerato

3. As obras deberán ser orixinais e inéditas, que non foran presentados a ningún outro certame, estar en lingua galega e ter unha temática relacionada co pasado de Salvaterra de Miño, a ser posible coa etapa medieval.
4. A extensión dos relatos non deberá exceder en ningún dos casos de dúas caras de folio. Para a categoría de bacharelato, os traballos deberán ser presentados a ordenador (Times New Roman 12, interlineado 1.5).  
No caso dos debuxos, deberán presentarse nun formato de tamaño A4, con total liberdade en canto a técnica artística.



Con respecto a categoría de manualidade outórgase total liberdade aos participantes, ofrecéndose tamén, unicamente neste caso, a posibilidade de realizar os traballos de maneira grupal, cun máximo de 3 membros por grupo.

5. Os premios por categoría consistirán nun vale para o 1º de 100€, para o 2º de 75€ e para o terceiro de 50€, para gastar en material escolar, informático, deporte ou vestimenta para @s gañador@s. Os traballos serán expostos na web do concello e nas Covas de Dona Urraca do día 24 de maio.
6. A entrega de premios realizarase durante os actos de conmemoración do 24 de maio.
7. O xurado estará composto por persoal docente dos centros escolares, cun mínimo de tres membros. Os premios poderán declararse desertos.
8. As obras presentaranse nun sobre pechado, no que se fará constar o curso e centro de ensino do autor/a. O sobre deberá conter no seu interior, xunto coa obra, outro sobre máis pequeno no que constará a identidade do participante así como os seus datos de contacto. De acordo co establecido na lei de protección de datos, esta información será unicamente para uso do Concello de Salvaterra de Miño, garantíndose a non transmisión a terceiros.
9. Os orixinais serán entregados nos propios centros escolares, e posteriormente dende estes faranllos chegar ao concello con data límite o día 8 de maio de 2017.
10. Os traballos non premiados poderán ser recollidos no Concello durante o mes seguinte á entrega de premios. Tras este período serán destruídos.
11. A participación nos certames supón a aceptación destas bases e o Concello de Salvaterra de Miño poderá resérvase o dereito de resolver calquera continxencia non prevista nas mesmas.
12. Darase publicidade a ditas bases a través da páxina web do Concello, dos Centros Educativos do municipio, a través da súa difusión nos medios de comunicación e a través da súa colocación no taboleiro de anuncios do Concello.

Salvaterra de Miño, a 20 de febreiro de 2017.

O ALCALDE